



## A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA VEN DE REMITIR AO VALEDOR DO POBO DE GALICIA UNHA SOLICITUDE DE AMPARO FRONTE Á TRAMA QUE VENCELLA A ENCE COA CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

A Asociación pola Defensa da Ría ven de remitir ao Valedor do Pobo de Galicia unha solicitude de amparo fronte ao trato de favor que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e concretamente a actual Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental, María José Echevarría Moreno, presta á fábrica que dirixe o seu marido Antonio Casal Lago (ENCE) e á que ten como executiva a Amaia Echevarría Moreno (ELNOSA).

A APDR remitiu ao valedor un escrito de 10 páxinas no que se pormenorizan as actuacións dos actores da Administración, de ENCE e de ELNOSA que levan á asociación a presentar esta solicitude de amparo. Detállase o progreso dos actos administrativos nos que participa a actual Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental e apórtanse as probas documentais que corroboran estas actuacións. Así relátase como María José Echevarría Moreno participa en trámites e expedientes que afectan ás empresas que aparecen representadas pola súa irmá ou o seu cónxuxe en claro incumprimento do artigo 28 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas que determina a abstención no caso de existiren relación familiar directa cos administrados.

Pero ademais, a APDR aporta no seu escrito unha exposición razoada de como todas ás decisións adoptadas en actos administrativos nos que participa a cónxuxe do actual director da factoría de ENCE resólvense sempre favorablemente para ENCE; como se atende sempre aos argumentos, por disparatados que sexan, da empresa e como os expedientes por incumprimento da normativa nunca progresan. Para a Asociación non cabe dúbida de que o triángulo formado por María José Echevarría Moreno, a súa irmán Amaia Echevarría Moreno e o actual director da fábrica de ENCE, cónxuxe da primeira, Antonio Casal Lago, ten operado en beneficio destas industrias. Esta situación ten levado ao secuestro do dereito cidadá á acción civil en defensa do medio ambiente.

Neste sentido a APDR solicita amparo ao Valedor para que restitúa este dereito e permita que calquera asociación, entidade pública ou particular podan denunciar, participar ou alegar con garantías de que os seus argumentos ou as súas queixas van ser tidos en conta.

E tamén comunica a APDR ao Valedor a súa preocupación polo que vai ser un novo acto de dubidosa legalidade. En efecto, tal e como indica o recentemente publicado Regulamento Xeral de Costas (R.D. 876/2014) no artigo 177: "*a prórroga será concedida previo informe do órgano ambiental da comunidade autónoma na que radique a ocupación*". Aínda que a natureza deste informe podería ser irrelevante ao posuír a empresa a autorización ambiental integrada e que en calquera caso terá carácter determinante e non vinculante, está claro que o órgano ambiental que o elaborará, a Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, que ten entre as súas funcións a de "**O asesoramento e realización de estudos e informes**" e, xa que logo, está claro tamén quen será a persoa que realizará este informe ou influirá de modo decisivo no seu contido, a Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental, María José Echevarría Moreno, cónxuxe do director da fábrica que obtén a prórroga Antonio Casal Lago.

Neste sentido a APDR solicita ao Valedor que atendendo a esa **solicitude de amparo** evite un acto administrativo que evidentemente non está presidido polo obxectivo do ben común, a elaboración do informe que asegure a fábrica de ENCE a prórroga da súa concesión de dominio público marítimo terrestre.

Benito Andrade, membro da APDR

Pontevedra, 15 de outubro de 2014